

Estamos ante un libro de espiritualidade cristiá. É dicir, un libro experiencial que fala de Deus e que fala da vida. Dun Deus que nos axuda a vivir desde a nosa verdade e dunha maneira de vivir que nos achega a Deus. Ó Deus de Xesús.

Hai xa algún tempo, pedíume Tori que lle dera a miña opinión sobre este libro cando aínda estaba sen editar. Fixen del unha primeira lectura lineal, obxectiva, desde esa distancia crítica que nos permite xulgar e dar unha valoración sobre algo. Esta primeira lectura deume datos sobre o seu contido e a través deles puiden captar parte do que o autor nos quería comunicar.

Máis adiante, con motivo da súa presentación, tiven unha nova ocasión de achegarme a este libro. Fixen unha segunda lectura. Neste caso, unha lectura circular, desde o corazón, buscando a sintonía da experiencia. Unha lectura "en busca do autor", en busca da verdadeira experiencia que o autor nos quería transmitir.

Non me foi difícil descubrir os fitos fundamentais do que, ó meu parecer, pode ser o centro desta experiencia. O mesmo Tori danos a clave no título do libro: *Con cordas de tenrura*. Este texto de Oseas (11,1-4,7-9), apunta ó cerne mesmo da experiencia que se nos quere transmitir. O autor, referíndose a este texto do profeta di: "desde que en tempos distantes o descubrín, sempre o tiven coma un dos meus textos preferidos. Fala dun Deus que se achega ó seu pobo con tenrura maternal. Dun Deus que só podemos comprender desde a experiencia do amor maternal. Dun Deus que ten entrañas (*rahamim*= seo materno) de misericordia."

Unha vez descuberto o centro era preciso intuír os camiños que conducen a el. Camiños que se entrecruzan, que se reforzan e se complementan. Camiños ás veces explícitos e amplos e outras sinxelas sendas que máis ben se deixan intuír. Camiños ou sendeiros que nos falan de buscas, de sensibilidades, de desexos, de intuicións, de certezas e, mesmo, de escuridades da experiencia do autor. Camiños que atravesan o libro e que conducen á experiencia fontal. Enumero moi esquemáticamente estes cinco camiños.

1º - *Experiencia de relación fonda e fascinada pola persoa de Xesús*. Todo o libro está envolto en textos bíblicos que a través do "estudio de evanxeo" nos van achegando á persoa de Xesús e, con el, cara a experiencia do Abbá, do Deus pai/nai coma Amor.

2º - *Vivencia de compromiso coa xente, especialmente da máis pobre e desprotexida.* Tamén ó longo do libro se deixa ver esta experiencia coma camiño real concreto de achegarse ó Deus de Xesús. Do Deus protector e defensor dos pobres.

3º - *Pertenza consciente e agradecida á Igrexa.* O libro transmite un sentido eclesial fondo, nada inxenuo e menos aínda, fundamentalista. Vai mostrando a vivencia comunitaria coma lugar de acoller, afondar e celebrar a fe. Unha igrexa que, no medio de luces e sombras, é quen transmite e garante na historia o camiño cara o Deus de Xesús.

4 - *Sensibilidade cara ó feminino.* Esta sensibilidade feminina e mesmo feminista, transparece ó longo das páxinas e faise explícita nun capítulo dedicado ás mulleres da Biblia. Trátase, tamén aquí, dun camiño de achegamento ó "rostro materno de Deus", moi querido para o autor.

5 - *Sensibilidade ecoloxista.* Máis que coma camiño aparece coma transfundo: o universo enteiro coma lugar onde descubrir o Amor de Deus. Esta dimensión está expresado amplamente nos anteriores libros de Tori: "Do teu verdor cinguido" e "Ecoloxismo e cristianismo".

A lectura circular, feita desde a experiencia e na busca da experiencia, creo que nos achega máis certoiramente o verdadeiro contido dun libro de espiritualidade: á razón pola que unha persoa se arrisca a comunicar a súa propia experiencia de busca de Deus na vida. O mesmo Victorino dinos no prólogo que é sabedor de que hai xa moitos libros de espiritualidade; pero que, con todo, el se anima a escribir "o seu". Neste sentido, cada libro de espiritualidade resulta único e non comparable con outro ningún: quere ser a narración da propia experiencia de fe.

Compartir e acoller un libro de espiritualidade comporta, neste sentido, un proceso evanxelizador. Nada axuda máis a medrar na propia vivencia que a manifestación humilde e a receptividade acolledora. Aplicando aquí o sentido da "maieutica", diríamos que se trata dun modo privilexiado de axudarnos unhas persoas a outras a "dar á luz" un novo paso, nese sempre escuro e atoutiñante camiño da vida e da fe.

Mª Pilar Wirtz Molezún